

PROTOCOLO DE LIMPEZA VIARIA

ANTE A PANDEMIA DE PNEUMONÍA POR CORONAVIRUS (COVID-19)

Ante a recente situación de alarma sanitaria declarada no territorio nacional pola pandemia de pneumonía por coronavirus e considerando a limpeza viaria de especial importancia na eliminación da carga viral

que poidan conter as vías públicas dos municipios, recoméndase a aplicación dun procedemento de limpeza e de desinfección destas que contemple a seguinte secuencia de actuacións:

SECUENCIA DE ACTUACIÓNS

1. VARRIDO DE VÍAS PÚBLICAS

O varrido de vías públicas farase para eliminar residuos e materia orgánica. **Escollerase o varrido húmido como mellor opción** e realizarase cando sexa posible engadindo derivados de amonio cuaternario.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas_PT2_ambiental.pdf

2. BALDEO DE RÚAS

O baldeo de rúas levarase a cabo cos camións dispoñibles para tal efecto, utilizando auga reforzada con deterxentes tensioactivos de arrastre (específicos para a limpeza viaria) na concentración que sexa indicada na ficha do produto ou etiqueta da empresa responsable da comercialización do produto deterxente ou limpador empregado.

Mediante o baldeo pódese realizar tanto a limpeza como a desinfección, en cuxo caso se substituirá o deterxente tensioactivo por derivados de amonio cuaternario e outros produtos con actividade biocida.


3. DESINFECCIÓN

A desinfección será especialmente **recomendada en lugares onde a afluencia de público e a posibilidade de contaxio sexan moi altas**. Trátase das localizacións máis sensibles na actual situación decretada, como as áreas próximas a centros sanitarios, grandes supermercados e centros de distribución de alimentos, así como zonas da cidade con asentamentos urbanos fixos ou de pernoita de persoas sen fogar.

A desinfección realizarase con hipoclorito sódico ao 0,1 % aplicado con mochilas pulverizadoras (20 ml de lixivia común por litro de auga).

4. DESINFECCIÓN DE SUPERFICIES

En caso de precisar desinfectar superficies de bancos, farois ou calquera outro elemento municipal na vía pública **poderán utilizarse os desinfectantes autorizados de actividade virucida de acordo coa lista facilitada polo Ministerio de Sanidade**.



PROTOCOLO DE LIMPEZA VIARIA

ANTE A PANDEMIA DE PNEUMONÍA POR CORONAVIRUS (COVID-19)

RECOMENDACIÓNS XERAIS

Evitar varridos e sopradoras en seco para evitar levantar po e residuos

Utilizar procedementos mecánicos de tipo pulverización (atomizador, nebulizador ou termonebulización) e **aplicar preto do chan ou das paredes que se queiran desinfectar, con escasa potencia para non levantar po nin residuos e con baixo volume para evitar a formación de charcos**

Para aplicar este protocolo, e segundo o tipo de actuación, as e **os operarios irán provistos de equipos de protección persoal adecuados e acorde coa vixente normativa** de protección contra axentes químicos e biolóxicos

A **periodicidade** dos labores de desinfección e limpeza dependerá da carga viaria e será **diaria nos edificios e zonas máis conflitivas da localidade** coma os centros de saúde, supermercados, farmacias, fogares da terceira idade etc.

É recomendable **publicar bandos e advertencias en redes sociais nos que se informe a veciñanza das horas e lugares de desinfección** para que retire os seus vehículos e se eviten posibles danos

É recomendable **confirmar que a utilización dos produtos biocidas e desinfectantes non supoñan un risco de corrosión** que lle afecte ao correcto funcionamento das baldeadoras e pulverizadoras

